

ción Xeral de Xustiza do 28 de maio de 2007 (DOG nº 107, do 5 de xuño), esta dirección xeral

**ACORDA:**

Primeiro.-Facer públicas as listaxes definitivas dos seleccionados para o acceso ás bolsas de reserva de funcionarios interinos dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza.

Segundo.-As listaxes a que se refire o parágrafo anterior estarán expostas nos taboleiros de anuncios da Dirección Xeral de Xustiza, nas delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e nas páxinas web: [www.xudicial.xunta.es](http://www.xudicial.xunta.es) e <http://cpapx.xunta.es/portal/xustiza/dxxpersoal.htm>.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a directora xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou ser impugnada directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e artigos 14, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2007.

Begoña Santos Fernández  
Directora xeral de Xustiza

*Resolución do 2 de xullo de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no primeiro semestre.*

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG número 136, do 14 de xuño) impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no primeiro semestre.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril maio e xuño do ano

2007, que se incorporan como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2007.

Santiago Antonio Roura Gómez  
Secretario xeral da Consellería de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza

**ANEXO**

Convenios de colaboración subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño

Convenio	Importe €	Data sinatura
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a <i>Fundación Galega contra o Narcotráfico</i>	18.031	1-1-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a <i>Asociación Cultural Fuco Buxán</i>	25.000	12-3-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a <i>Fundación Eugenio Granell</i> .	25.000	12-3-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Rábade (Lugo).	33.640	22-3-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a <i>Fundación San Carlos</i> .	20.000	4-4-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a <i>Asociación Reunión Recreativa e Instrutiva de Artesáns</i> .	12.000	4-4-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a <i>Asociación Cultural Cántigas da Terra</i> .	20.000	12-4-2007
Convenio Marco entre a Administración xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de Oficinas Integradas de Atención ao Cidadán no ámbito territorial de Galicia.		17-4-2006
Convenio de colaboración co Concello de Dumbría en materia de protección civil.	50.000	20-4-2007
Convenio de colaboración coa <i>Asociación de Cans de Salvamento de Galicia</i> en materia de protección civil.	8.000	8-5-2007
Convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicólogos en materia de protección civil.	20.000	8-5-2007
Convenio de colaboración coa <i>Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña</i> en materia de protección civil.	7.000	8-5-2007
Convenio de colaboración coa <i>Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de protección Civil da provincia de Pontevedra</i> en materia de protección Civil.	7.000	8-5-2007
Convenio de colaboración co Concello da Estrada en materia de protección civil.	10.000	8-5-2007
Convenio específico anual do ano 2007 de colaboración coa Cruz Vermella Española en Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias.	20.000	8-5-2007
Convenio de colaboración coa Federación Galega de Espeleoloxía en materia de protección civil.	6.000	8-5-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.	17.900	8-5-2007